## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

*ORDE do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K).*

Segundo o establecido no artigo 1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda esta consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española, co nivel de desenvolvemento que se indica neste Decreto para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

En particular, segundo o artigo 10 do referido decreto, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático exerce as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

Inclúense aquí:

a) A elaboración e o seguimento dos programas autonómicos de prevención de residuos e dos plans autonómicos de xestión de residuos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, e das accións de desenvolvemento destes.

b) O fomento das accións de minimización da produción de residuos, da súa reutilización e reciclaxe e dos programas de colaboración cos concellos e con outras organizacións para a aplicación das accións indicadas.

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

c) A realización de campañas de formación e sensibilización en materia de residuos.

d) A planificación e o fomento de accións relacionadas coa economía circular.

Pola súa banda, as entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e demais normativa de aplicación.

De acordo co que se acaba de sinalar, e tal como se preceptúa no artigo 12, punto 5 da mencionada lei básica correspóndelles aos concellos como servizo obrigatorio a recollida, transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas de conformidade co marco normativo aplicable.

A Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio de 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre residuos, establece no seu artigo 22 que os biorresiduos deberán separarse e reciclarse en orixe ou ben recollerse de forma separada como moi tarde o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010–2022, establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara a un novo escenario máis sustentable e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e a valorización dos residuos.

O plan recolle os obxectivos marcados pola normativa vixente e establece novas metas especialmente en materia de prevención, onde por primeira vez se establece un obxectivo cuantitativo, no tocante ao incremento da recollidas selectivas, tanto en cantidade como en calidade.

A partir da diagnose realizada con ocasión da elaboración do plan, as conclusións ou prioridades detectadas incluíron, en materia de xestión de residuos domésticos e polo que atinxe ao obxecto e finalidade da presente orde, as seguintes:

a) Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais.

b) Minimizar a vertedura final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

c) Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar os residuos xerados e para acadar os obxectivos e potenciar desta maneira a organización territorial e a capacitación de técnicos, baixo criterios de suficiencia e proximidade, viabilidade económica e ambiental.

Para tal efecto, o Plan organízase en torno a dez grandes liñas estratéxicas que aglutinan as actuacións a desenvolver no actual horizonte temporal da planificación autonómica que abrangue, tras a actualización operada en decembro de 2016, ata o ano 2022.

O plan inclúe unha liña estratéxica específica para a mellora da recollida separada da fracción orgánica (LE 3), na que se recollen diferentes modalidades de xestión dos biorresiduos, que as entidades locais deberán poñer en marcha atendendo ás características territoriais e da poboación. Para o tratamento dos biorresiduos de competencia municipal recollidos separadamente, Galicia conta, na actualidade, con 5 plantas de tratamento de biorresiduos autorizadas e outra máis en proceso de autorización, sumando instalacións públicas e privadas: planta de compostaxe de Cerceda (Sogama), planta de compostaxe e dixestión anaerobia de Nostián (A Coruña), planta de compostaxe do Barbanza (Lousame), planta de compostaxe de Compost Galicia, S.A. (Leiro), planta de compostaxe de J.A. Neira Ribadavia (A Estrada) e a planta de compostaxe do Morrazo-Urbaser (Cangas) que está pendente de obter a autorización correspondente.

Así mesmo, o Plan inclúe unha planificación de infraestruturas necesarias para dar tratamento aos biorresiduos recollidos separadamente que está a ser actualizada para incorporar as novas plantas de compostaxe que construirá Sogama e ás que as entidades locais se poderán adherir para tratar alí os seus biorresiduos, unha vez teñan implantada a recollida separada desta fracción.

Neste marco a Consellería de Medio Ambiente e a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) están a planificar un Plan loxístico de infraestruturas para dar cobertura á recollida dos biorresiduos na práctica totalidade do territorio galego. O Plan loxístico de Sogama baséase no despregamento de catro plantas de compostaxe (Cerceda, Cervo, Vilanova de Arousa e Verín), e 13 plantas de transferencia nas que se realizará o trasvasamento da fracción orgánica recollida no quinto contedor (o de cor marrón). Estas plantas de transferencia de apoio á recollida dos biorresiduos serán as seguintes: PT. Cee, PT. Curtis, PT. Ponteceso, PT. Riotorto, PT. Chantada, PT. Sarria, PT. Silleda, PT. A Cañiza, PT. Vigo, PT. A Lama, PT. A Rúa, PT. de Narón e PT. do Porriño. Con estas 13 plantas de transferencia máis as 4 plantas de compostaxe prestarase servizo a un total de 280 concellos (2.183.520 habitantes), os cales disporán dunha planta de compostaxe ou ben dunha

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

planta de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia para poder transportar a estas a materia orgánica recollida selectivamente nas súas localidades a través do quinto contedor.

Entre os instrumentos dispoñibles para a consecución dos obxectivos propostos, o plan recolle especificamente o establecemento de liñas de subvencións dirixidas a entidades locais destinadas a impulsar medidas que contribúan á consecución dos obxectivos vixentes nesta materia, tras as novidades introducidas no contexto comunitario de conformidade coa folla de ruta cara unha Europa Eficiente no uso dos recursos, no marco da Estratexia 2020, así como tendo en conta as medidas recollidas no paquete de economía circular, aprobado pola Comisión Europea en decembro de 2015, piares básicos para unha xestión eficiente dos recursos e dos residuos que se sustenta, fundamentalmente, na prevención e a reciclaxe e en reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

Aplicando esta xerarquía, a prevención é a mellor opción de xestión seguida, nesta orde, da preparación para a reutilización, da reciclaxe, doutras formas de valorización (incluída a enerxética) e, por último, da eliminación (o depósito en vertedoiro, entre outras).

Tras a realización dun estudo pormenorizado da situación actual en Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas en materia de xestión de residuos municipais pola normativa comunitaria, conclúese que o procedemento de concesión da subvención regulado no artigo 19.2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, resulta ser o máis axeitado para o cumprimento de tales obxectivos, ao promover directamente con estas subvencións as actuacións necesarias para acadar tal fin.

En consecuencia, tendo en conta as competencias asumidas por este departamento, a presente convocatoria vai destinada a apoiar ás entidades locais na procura de respostas aos retos e oportunidades asociadas ao cumprimento do actual marco normativo vixente, así como dos obxectivos que a dita planificación persegue.

Para tal fin serán obxecto de financiamento, ao abeiro da presente convocatoria, os proxectos destinados á implementación de medidas de xestión dos residuos domésticos conforme o esquema de prioridades e o principio de xerarquía aplicable en materia de residuos. En particular, englóbanse aquí actuacións destinadas a potenciar a prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos de competencia municipal coa finalidade de contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados polo actual marco normativo.

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

Cómpre sinalar que con data do 14 de abril de 2021 se aprobaron, na Conferencia sectorial de medio ambiente, as bases reguladoras das subvencións que deben convocar as comunidades autónomas e a repartición propiamente dita das axudas previstas para o Plan de apoio á implementación da normativa de residuos, Programa de economía circular e PIMA residuos.

O artigo 60.2 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, indica que as convocatorias públicas de axudas e subvencións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes instrumentais do sector público autonómico destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma, deberán primar, na forma en que se estableza nas correspondentes bases reguladoras, as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera forma.

Para tales efectos, as presentes bases reguladoras prevén a posibilidade de que as ditas agrupacións de entidades locais poidan acceder á condición de beneficiarios destas subvencións.

Esta orde encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento I3: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos fixados no devandito plan.

O investimento é coherente co obxectivo «Aumento dos residuos municipais recollidos selectivamente», tal e como se define no anexo da proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da evaluación do plan de recuperación e resiliencia de España [SWD(2021) 147 final], resultando apto para acadar un mínimo do 30 % de recollida selectiva dos residuos municipais, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE, que constitúe o indicador correspondente a este obxectivo.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como o Regulamento (UE) nº 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

establece un Instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da COVID-19 e regulado segundo o Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Resultando tamén de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, así como a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Estarán sometidas á plena aplicación dos mecanismos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE e á normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de reconstrución, transformación e resiliencia, así como ás específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento.

Así mesmo, todas as actuacións que se executen dentro do marco do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) deben cumprir o principio de «non causar prexuízo significativo» aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento 2020/852 do Parlamento e do Consello, do 18 de xuño, de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sustentables (principio DNSH):

a) A mitigación do cambio climático.

b) A adaptación ao cambio climático.

c) O uso sustentable e a protección dos recursos hídricos e mariños.

d) A economía circular.

e) A prevención e control da contaminación.

f) A protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vai financiar. O financiamento achegado non é compatible cos proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2), así como con axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outro fondo europeo, tales como o Feder, REACT-UE, FSE, Feader, HORIZONTE EUROPA, etc.

En virtude do anterior, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e liñas de subvención*

1. Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a execución de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, encamiñadas á mellora da xestión dos biorresiduos, ás entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia que teñan asumida a competencia de prestar os servizos de recollida ou de tratamento de residuos municipais (procedemento MT975K), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2022 e 2023.

2. Son liñas subvencionables as seguintes:

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

b) Liña 2. Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*).

Artigo 2. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarias as entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lle corres-

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

pondan en materia de xestión de residuos, que cumpran os requisitos establecidos para cada unha das liñas subvencionables:

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia):

1º. Concellos que se atopan dentro da área de influencia (<50 quilómetros) dalgunhas das plantas autorizadas actualmente en Galicia para o tratamento de biorresiduos de competencia municipal e/ou das plantas de compostaxe/transferencia previstas no Plan loxístico de infraestruturas de Sogama.

2º. Concellos nos que non exista a recollida separada de biorresiduos previamente.

3º. Concellos que non recibiron axudas para a implantación da recollida separada de biorresiduos previamente, ou calquera outro tipo de colaboración económico-financeira con fondos públicos para implantar esta recollida separada.

4º. Concellos que, no caso de recibir axudas ou colaboración económico-financeira previamente para a implantación da recollida separada de biorresiduos, aínda teñen pendente a extensión deste servizo a toda a súa poboación e poden completar as axudas para ditas implantacións.

5º. Quedan excluídas da posibilidade de financiamento as entidades locais que xa teñan implantada a recollida separada de biorresiduos en todo o seu territorio con destino a instalacións específicas de tratamento biolóxico.

b) Liña 2. Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*):

1º. Concellos que non teñen implantada a compostaxe doméstica e/ou comunitaria no seu territorio, previamente.

2º. Concellos que non recibiron axudas para a implantación da compostaxe doméstica e/ou comunitaria, ou calquera outro tipo de colaboración económico-financeira con fondos públicos para implantar estes modelos de xestión.

3º. Concellos que, no caso de recibir axudas ou colaboración económico-financeira previamente para a implantación da compostaxe doméstica e/ou comunitaria, aínda teñen

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

pendente a extensión deste servizo a toda a súa poboación e poden completar as axudas para ditas implantacións.

4º. Concellos nos que é necesario complementar a implantación da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico, coa compostaxe *in situ*, naqueles ámbitos espaciais de actuación onde non se poida levar a cabo a primeira modalidade de recollida citada. De forma que neses ámbitos espaciais concretos a totalidade dos biorresiduos xerados teñen que ser xestionados mediante compostaxe doméstica, compostaxe comunitaria, ou ambas.

5º. Quedan excluídos da posibilidade de financiamento os proxectos de implantación de compostaxe doméstica en concellos cualificados de urbanos, segundo o índice de ruralidade establecido no PXRUG 2010-2022, e os proxectos de implantación de compostaxe comunitaria en concellos de menos de 3.000 habitantes, salvo que non se esgote o crédito coas solicitudes dos beneficiarios potenciais recollidos polos anteriores puntos desta liña 2.

2. Tendo en conta o anterior, as entidades locais poderán formular solicitudes de subvención ben de forma individual ou ben de forma agrupada con outras entidades locais que reúnan estes mesmos requisitos. No caso de solicitudes presentadas por agrupacións de entidades locais, observarase o establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no tocante, en particular, á identificación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, do importe de subvención que se aplicaría a cada un deles que terán, igualmente, a condición de beneficiarios, así como en relación co necesario nomeamento da entidade local, que actuará como representante da agrupación para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación.

Os concellos agrupados terán, en todo caso, a condición de entidade beneficiaria, polo que, para poder conceder a subvención solicitada, todos eles teñen que cumprir os requisitos, condicións, obrigas e compromisos establecidos nesta orde. A falta de acreditación do cumprimento dalgún requisito por parte dalgunha das entidades participantes suporá a inadmisión da solicitude conxunta cando afecte a entidade que ten a representación; nos outros casos, manterase a validez da solicitude, sempre que se comunique por escrito a exclusión do concello afectado polo incumprimento, dentro do prazo concedido para o efecto.

3. Unha entidade local non pode concorrer á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

agrupación na que se integre. De darse o caso, non se admitirá a solicitude que, de conformidade coa data de presentación, fose posterior no tempo.

4. Para poder ser beneficiaria destas axudas, as entidades locais deberán ter presentado as contas a que se refire o artigo 208 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, do exercicio orzamentario que corresponda, no Consello de Contas de Galicia.

5. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Actuacións subvencionables e requisitos*

1. Ao abeiro desta orde de axudas serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir para cada liña de axuda.

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

Os conceptos subvencionables dentro deste tipo de proxectos, así como os requisitos que deben cumprir os mesmos, son os que se recollen na seguinte táboa:

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Caldeiros domésticos de biorresiduos | O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente. Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior. Inclúense tamén os caldeiros domésticos de achega na vía pública para a recollida separada porta a porta de biorresiduos na vía pública. |
| Bolsas compostables de uso doméstico | Bolsas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432. Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos. |
| Caldeiros comunitarios de biorresiduos | Caldeiros para as comunidades de propietarios. O caldeiro deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior, e deberán ser total ou parcialmente de cor marrón. |
| Sistemas de achega para o porta a porta | Colgadores e/ou compartimentos de caldeiros ou bolsas individuais ou comunitarios para a recollida porta a porta. |
| Sistemas de identificación de usuario e pesada | Sistemas de identificación de usuario e pesada de caldeiros e contedores e/ou de parede e os sistemas informáticos asociados necesarios (lectores, antenas, software). Non é subvencionable o mantemento, só a adquisición. |

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Contedores para a vía pública | Os contedores para a recollida separada de biorresiduos na vía pública deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón. A resistencia dos contedores será a equivalente ao peso do contedor cheo de materia orgánica e estes deberán permitir a incorporación de sistemas de identificación e pesado. O contedor incluirá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. |
| Construción de áreas de achega e control de acceso | Construción de áreas de achega pechadas con contedores dentro destas e control de acceso de usuarios, incluíndo a tecnoloxía necesaria, mesmo para limitar a achega da fracción resto. |
| Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais | Sacas reutilizables para a recollida separada de restos vexetais. As sacas incluirán unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. |
| Biotrituradoras | Biotrituradoras transportables ou portátiles para a trituración *in situ* dos restos vexetais xerados nas podas, para facilitar o transporte destes residuos. |
| Caldeiros para biorresiduos de grandes xeradores (*) | Deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón. O caldeiro incluirá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. |
| Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores (*) | Bolsas e fundas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432. Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos. |
| Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores | Limitado a entidades locais con poboación superior aos 5.000 habitantes, nas que se financiará a adquisición dun camión por proxecto nos concellos ata 60.000 habitantes, e de dous camións en concellos de máis de 60.000 habitantes. A axuda máxima para a adquisición dun camión será de 30.000 €, e terá que ser preferiblemente non compactador. O camión deberá levar serigrafiado nun lugar visible que é para a recollida separada de biorresiduos. |
| Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto | As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización da poboación atendida no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e control. |
| Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto (*) | As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización dos grandes xeradores atendidos no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e o control. |
| Nas actuacións que comprendan diferentes fraccións, como campañas de comunicación, peche de contedores, por exemplo, só serán elixibles os custos correspondentes ás porcentaxes asociadas ás fraccións subvencionadas, o que se determinará considerando as porcentaxes da bolsa tipo considerada no PXRUG 2010-2022. | |
| (*) Entenderanse por grandes xeradores de biorresiduos os restaurantes, maioristas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo polo miúdo. A entidade solicitante só poderá solicitar financiamento para estes conceptos se xestiona os biorresiduos destes grandes xeradores de conformidade coas súas ordenanzas (conforme a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (artigo 12, punto 5c). | |

Non se considerarán conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos, así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueres.

b) Liña 2. Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*).

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

Os conceptos subvencionables dentro deste tipo de proxectos, así como os requisitos que deben cumprir estes, son os que se recollen na seguinte táboa:

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Caldeiros domésticos de biorresiduos | O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente. Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior. |
| Composteiros domésticos | Composteiros para vivendas unifamiliares con xardín ou horto nos que se depositen e se composten os biorresiduos. |
| Construción de áreas de composteiros comunitarios | Construción de áreas de composteiros comunitarios, ou a parte proporcional de áreas compartidas coa achega doutras fraccións de recollida separada. |
| Composteiros comunitarios | Composteiros para zonas comunitarias nas que se depositen e se composten os biorresiduos.<br>Na contía máxima financiable para os composteiros comunitarios considérase incluído o importe dos aireadores, termómetros e tamizadoras. |
| Biotrituradoras | Biotrituradoras para a trituración de material estruturante. |
| Aireadores, termómetros e tamizadoras para a compostaxe doméstica | Aireadores e termómetros específicos para controlar o proceso de compostaxe e tamizadoras para a cribaxe do compost obtido.<br>Os aireadores, termómetros e tamizadoras da compostaxe comunitaria considéranse incluídos dentro da contía do concepto «Composteiros comunitarios». |
| Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto | As actuacións de formación, difusión e seguimento deberán incluír un plan de traballo, así como a vixilancia e o control. Entre estas actuacións incluirase unha guía para cada vivenda participante na que se detallen os biorresiduos que poden ser obxecto de compostaxe. |
| Carteis explicativos nas áreas de compostaxe comunitaria | Os carteis deberán incorporar, como mínimo, a identificación dos materiais que se poden compostar, así como unha explicación das accións para levar a cabo polos participantes (achega de material estruturante, proporción, etc) e un teléfono ou correo electrónico de contacto para a resolución de dúbidas dos participantes. |

2. As entidades locais que opten a estas subvencións adquirirán o compromiso firme de implantar a recollida separada e/ou a compostaxe *in situ* dos biorresiduos, segundo a axuda concedida, como máximo antes do 30 de novembro de 2023.

3. As entidades locais que cumpran os requisitos para ser beneficiarias de acordo co establecido nos artigos precedentes poderán concorrer a esta convocatoria ao abeiro das dúas liñas subvencionables recollidas nestas bases reguladoras, e deberán presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras.

Artigo 4. *Gastos subvencionables*

1. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de forma indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionable e cumpran o establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

Consello, do 12 de febreiro, de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (en diante, Mecanismo).

2. En particular, non serán gastos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos non xustificados correctamente ou que non sexan obxecto de subvención, así como os gastos non imputables ao investimento.

b) O imposto sobre o valor engadido.

c) Os gastos financeiros derivados do investimento.

d) Os investimentos realizados mediante contrato de arrendamento financeiro ou *leasing*.

e) Os gastos de persoal.

f) Os premios ou agasallos non relacionados coa actuación e/ou innecesarios.

g) Os custos asociados aos servizos de recollida e o tratamento dos residuos municipais.

h) Respecto dos bens de equipo de segunda man, estes serán subvencionables cando se cumpran os requisitos seguintes:

1º. Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non teñen sido obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.

2º. O prezo non poderá ser superior ao valor de mercado e deberá ser inferior ao custo dos bens novos similares, acreditándose estes puntos mediante certificación de taxador independente.

i) Os custos de alugamentos e pagamento de servizos a terceiros.

j) No caso de que o proxecto, ou determinados conceptos deste, afecten fluxos de residuos cubertos pola responsabilidade ampliada do produtor, non será financiable a parte atribuíble á responsabilidade ampliada do produtor.

k) Non se valorarán factores enerxéticos.

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

l) Así como todos aqueles gastos que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

3. As entidades solicitantes poderán subcontratar a totalidade da actuación subvencionable, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Se é o caso, as entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis exixentes en relación coas das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflictos de interese, así como respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio natural («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco de dito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente, no momento da xustificación (artigo 20.3.h), segundo o modelo incluído como anexo VIII nesta orde.

Deberase observar o disposto na normativa aplicable en materia de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación e, se é o caso, respecto de contrato menor con adxudicación directa.

O beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Artigo 5. *Crédito e contía das axudas*

1. As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse con cargo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, segundo se indica a seguir:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.760.1 (código de proxecto 2022 00034) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 ata un máximo de seis millóns sete centos trinta e oito mil cento cincuenta e seis euros (6.738.156 €), procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, coa seguinte distribución:

1º. Importe para a liña 1: proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia): 4.278.162 €.

2º. Importe para a liña 2: proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*): 2.459.994 €.

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.760.1 (código de proxecto 2022 00034), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 ata un máximo de seis millóns sete centos trinta e oito mil cento cincuenta e seis euros (6.738.156 €), procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, coa seguinte distribución:

1º. Importe para a liña 1: proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia): 4.278.162 €.

2º. Importe para a liña 2: proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*): 2.459.994 €.

2. O crédito establecido nas liñas 1 e 2 da subvención poderá ser redistribuído dunha a outra se nalgunha delas as solicitudes beneficiarias non resultan suficientes para esgotar os fondos dispoñibles.

3. O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia financiar. O financiamento achegado non é compatible cos Proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

Con base no estudo pormenorizado da situación actual en Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas en materia de xestión de residuos municipais pola normativa comunitaria, estableceuse unha ratio de investimento por habitante en función das

CVE-DOG: crhccmz2-zy60-jxt2-t5q8-qiqjbc9ms1f3

necesidades detectadas neste estudo, así como das características das distintas entidades locais galegas. Polo tanto, a axuda económica que se conceda a cada entidade local de forma individual poderá acadar un límite máximo por concello segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable. Para as entidades locais, supramunicipais e as agrupacións de entidades locais a axuda económica que se conceda poderá acadar un límite máximo, que será a suma do financiamento máximo correspondente a cada concello da entidade local supramunicipal ou da agrupación de entidades locais solicitante, segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable.

a) Liña 1: proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia): a contía máxima da axuda por Concello establécese en función dos seguintes tramos, ata o esgotamento do crédito a que se refire o presente artigo:

1º. Concellos ata 5.000 habitantes: 5 €/habitante.

2º. Concellos ata 30.000 habitantes: 3 €/habitante + 30.000 € (dotación complementaria para o financiamento da adquisición dun camión non compactador destinado á recollida de biorresiduos a grandes xeradores).

3º. Concellos ata 60.000 habitantes: 2 €/habitante + 30.000 € (dotación complementaria para o financiamento da adquisición dun camión non compactador destinado á recollida de biorresiduos a grandes xeradores).

